



Guía Docente				
Datos Identificativos				2014/15
Asignatura (*)	Cuestións filosóficas do mundo contemporáneo	Código	652G03036	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	6
Idioma	Castelán			
Prerrequisitos				
Departamento	Filosofía e Métodos de Investigación en Educación			
Coordinación	Sucasas Peón, Juan Alberto	Correo electrónico	alberto.sucasas@udc.es	
Profesorado	Sucasas Peón, Juan Alberto	Correo electrónico	alberto.sucasas@udc.es	
Web	www.udc.es (página Web de la Facultad de Ciencias de la Educación)			
Descrición xeral	<p>A materia &quot;Cuestiones filosóficas do mundo contemporáneo&quot; propónse prantexar ó alumno, desde una perspectiva filosófica (polos conceptos e teorías ós que se recorre, tomados do pensamento do século XX), unha reflexión sobre algúns dos principais desafíos que ten de afrontar a sociedade contemporánea. Trátase de cuestións que afectan, desde un punto de vista reflexivo, ó labor dos educadores sociais, pois as dificultades prácticas que estes teñen que afrontar non poden desligarse dalgúns dos grandes problemas abordados pola filosofía do pasado século.</p> <p>Cuestiones coma o debate en torno á posmodernidade, a presenza da barbarie na historia máis recente, a crítica dunha racionalidade unilateralmente orientada ó científico-técnico, os procesos de emancipación da muller ou a impronta da secularización nanosa situación cultural cóntanse entre os asuntos a reflexionar a partir de textos filosóficos.</p>			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación

Resultados da aprendizaxe		
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación	
A2 Comprender os supostos e fundamentos históricos, pedagóxicos, psicolóxicos e sociolóxicos da acción socioeducativa e os seus ámbitos de actuación, valorando as súas implicacións.		
A5 Identificar e analizar os factores contextuais que afectan os procesos de intervención socioeducativa.		
A6 Seleccionar diferentes métodos e técnicas para a planificación e avaliación de programas e servizos.		
A8 Aplicar metodoloxías educativas e dinamizadoras da acción socioeducativa.		
A11 Observar, analizar, interpretar procesos de mediación social, cultural e educativa.		
A20 Desenvolver unha disposición favorable ao traballo en contornos multiculturais e plurilingüísticos.		
B1 Elaborar, analizar, sintetizar, valorar e transmitir criticamente a información.		
B4 Diseñar e impulsar espazos socioeducativos en contextos de diversidade atendendo á igualdade de xénero, á equidade e respecto aos dereitos humanos, favorecendo o empoderamento das persoas e colectivos ubicados en situacións de desvantaxe social.		
B5 Capacidade de mostrar actitudes coherentes coas concepcións éticas e deontolóxicas propias da profesión.		
B6 Adquirir e dominar habilidades comunicativas que permitan transmitir información, ideas e propostas a diversas audiencias.		



C1 Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.			
C3 Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.			
C4 Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.			
C6 Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben afrontarse.			
C7 Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.			
C8 Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.			

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Civilización e barbarie no mundo contemporáneo	1.1. Balance da Ilustración: modernidade vs. posmodernidade 1.2. A barbarie nazi: o mundo concentracionario
2. A crítica da "razón instrumental"	2.1. A "teoría crítica" da Escola de Fráncfort 2.2. Limitacións da tecnociencia 2.3. A crítica ecoloxista ó progreso
3. Emancipación e igualdade: filosofía e xénero	3.1. As conquistas do feminismo contemporáneo 3.2. O existencialismo coma filosofía da liberdade 3.3. O feminismo de Simone de Beauvoir
4. O proceso de secularización	4.1. O diagnóstico de Nietzsche: "Deus morreu" 4.2. Consecuencias socioculturais da secularización 4.3. Crítica da relixión e herdanza das tradicións relixiosas
5. A crítica á civilización da imaxen	5.1. Aspectos filosóficos (ontolóxicos, éticos e políticos) da civilización da imaxen 5.2. O novo estatuto da imaxen resultante do cine

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Seminario	21	36	57
Sesión maxistral	21	10	31
Lecturas	1	20	21
Proba mixta	2	33	35
Atención personalizada	6	0	6

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Seminario	O traballo do seminario constitúe, xunto coas sesións maxistrais, o elemento central do traballo de aula na materia. Aborda o estudo dos núcleos temáticos dos contidos mediante a análise, posta en común, discusión e interpretación de textos (artigos e capítulos de libros) propostos ó alumno. O traballo de seminario supón unha dobre tarefa, a realizar fóra da aula, por conta do alumno. Por unha banda, a lectura previa dos textos. Por outra, o comentario de fragmentos extraídos dos mesmos e posterior, en consecuencia, ás sesións de seminario. Propóránse ó alumno 5 fragmentos, un por cada un dos bloques de contidos, dos que entregará 3 comentarios.
Sesión maxistral	Recurrirá á exposición oral do profesor, co obxectivo de introducir nos núcleos conceptuais principais das unidades temáticas abordadas e establecer as pautas esenciais para a lectura dos textos que serán obxecto de análise e discusión nas sesións de seminario.



Lecturas	Proporanse varios libros de lectura dos que o alumno seleccionará un. Na aula ofreceranse unhas orientacións xerais, pero a lectura do libro será tarefa do alumno fóra da aula. Deberá assimilar o contido do texto, poñéndoo en relación co conxunto da materia, e elaborar un xuízo crítico sobre o mesmo. Na proba mixta incluírase un apartado referido ó libro de lectura, que permitirá cualificar este aspecto do traballo do alumno.
Proba mixta	Realízase segundo a data e hora previstas no calendario oficial de exames. Constará do comentario dun fragmento extraído dos textos obxecto de lectura nas sesións de seminario e dunha cuestión teórica sobre os contidos abordados na aula, tanto nas sesións maxistras coma nos seminarios.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lecturas	As dúbidas puntuais que os alumnos prantexen poderán ser resoltas no interior da aula. Aqueles casos que requiran máis tempo de atención persoal serán atendidos nas titorías, dacordo co horario que figurará no taboleiro do despacho do profesor. Tamén se atenderán consultas dirixidas a través do correo electrónico.
Seminario	
Sesión maxistral	
Proba mixta	

Avaliación

Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Lecturas	A cualificación do libro de lectura farase mediante a resposta do alumno a unha cuestión que se lle prantexe sobre o mesmo, acompañada dun breve fragmento. A cualificación máxima será de 2 ptos. Valorarase o nivel de comprensión e síntese do libro leído, a conexión que se establece entre o seu contido e o conxunto da materia, a claridade expresiva e conceptual, e a argumentación da valoración.	20
Seminario	A cualificación do traballo de seminario, que inclúe a lectura previa por parte do alumno dos textos e a elaboración polo mesmo de 3 comentarios (sobre os 5 fragmentos que se lle ofrecerán e que estarán extraídos dos textos traballados nos seminarios), farase do seguinte xeito: tres cuartas partes corresponderán á cualificación dos comentarios, con unha puntuación total máxima de 3 ptos. (1 pto. de cualificación máxima por cada comentario) e a cuarta parte restante valorará a asistencia e participación do alumno nas sesións de seminario, correspondéndolle unha cualificación máxima de 1 pto.	40
Sesión maxistral	A cualificación da actividade académica desenvolvida nas sesións maxistras está incorporada na da proba mixta, pois nesta o alumno terá que demostrar a súa asimilación dos contidos abordados tanto nas sesións maxistras coma nos seminarios.	0
Proba mixta	A proba mixta constará dun fragmento a comentar (extraído dos textos obxecto de análise nas sesións de seminario), cuxa cualificación máxima será de 2 ptos., e dunha cuestión teórica a desenvolver (referida ós contidos abordados tanto nas sesións maxistras como nas de seminario), cuxa cualificación máxima será tamén de 2 ptos.	40

Observacións avaliación

Esquema de reparto da avaliación do alumno (sobre unha cualificación máxima de 10 ptos.):

- a) PROBA MIXTA.- a súa cualificación máxima será de 4 ptos. Deles 2 corresponderán ó comentario e 2 á cuestión teórica.
- b) SEMINARIO.- 4 ptos. de cualificación máxima. Deles 3 corresponderán ós 3 comentarios que o alumno terá que entregar (1 pto. por comentario) e 1 á valoración da asistencia e participación na aula.
- c) LECTURAS.- 2 ptos. de cualificación máxima. Cualificarase por medio da resposta do alumno a unha cuestión que, a partir dun fragmento da obra elexida, lle sexa prantexada. O alumno responderá xunto coa proba mixta pero haberá dúas cualificacións distintas (a da proba mixta -4 ptos.- e a do libro de lectura -2 ptos.-).

Na segunda oportunidade (Xullo) manteñense os criterios anteriores, coa salvedade de que o punto reservado á asistencia e participación na aula distribuírase entre as outras tres cualificacións parciais, segundo a súa aportación proporcional á cualificación global.



Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- Max Horkheimer (2000). Anhelos de justicia. Madrid, Trotta- Max Horkheimer (2010). Crítica de la razón instrumental. Madrid, Trotta- Hans Jonas (1995). El principio de responsabilidad. Barcelona, Herder- Simone de Beauvoir (2005). El segundo sexo. Madrid, Cátedra- Friedrich Nietzsche (2001). La gaya ciencia. Barcelona, Akal- Walter Benjamin (2006). La obra de arte en la época de su reproductibilidad técnica (Obras libro I/vol. 2). Madrid, Abada- Jean-François Lyotard (1995). La postmodernidad explicada a los niños. Barcelona, Gedisa- Hannah Arendt (2006). Los orígenes del totalitarismo. Madrid, Alianza Editorial
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none">- Manuel Cruz (2002). Filosofía contemporánea. Madrid, Taurus- José Luis Villacañas (1997). Historia de la filosofía contemporánea. Madrid, Akal- Christian Delacampagne (1999). Historia de la filosofía en el siglo XX. Barcelona, Península

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías